


PLAN DE MOBILIDADE SUSTENTABLE E SEGURIDADE VIARIA

Un Plan de Mobilidade e Seguridade Viaria (PMSV), pode definirse como o deseño e implementación dunha serie de estratexias, accións e mecanismos no ámbito informativo, normativo, formativo, educativo e técnico que permitan establecer un sistema viario seguro, reduzan de xeito efectivo os accidentes de tráfico, compatibilizando unha maior eficiencia socioeconómica, unha maior equidade social, cunha minimización dos impactos ambientais.


Obxectivos:

- Coñecer a realidade da universidade atendendo as características de cada campus, en función das necesidades en mobilidade.
- Establecer estratexias para a xestión da mobilidade que impliquen unha maior sustentabilidade e menores riscos viarios.
- Sensibilizar a comunidade universitaria dos problemas de sinistralidade nos desprazamentos ao traballo ou ao lugar de estudo.

A mobilidade representa un dos gastos ambientais máis elevados, debido en grande medida ao uso do transporte privado por parte da comunidade universitaria. A Universidade de Vigo presenta escenarios de mobilidade ben distintos: campus céntricos (Pontevedra, Ourense e Torrecedeira), fronte ao campus periférico de Vigo (As Lagoas - Marcosende) que acolle a maioría da comunidade universitaria.




Nos campus céntricos apréciase unha redución dos gastos enerxéticos derivados da mobilidade, o que se traduce nunha diminución das emisións, é dicir, unha minoración do impacto ambiental.




Fonte : Pegada Ecolóxica da Uvigo (2013)

Estudo de mobilidade da Universidade de Vigo


Emprego dos medios de transporte na Universidade de Vigo




Emprego dos medios de transporte en función de cada colectivo




Campus universitario de Vigo



Campus universitario de Ourense



Campus universitario de Pontevedra



Fonte: Elaboración propia datos PMSV 2013-2014

O medio de transporte máis empregado no conxunto da Universidade de Vigo é o automóbil, cunha representación do 40%, uns 9.560 usuarios. Deste xeito toma especial importancia no PMSV a parte relativa á seguridade nos desprazamentos en automóbil, tanto a parte do condutor coma a dos demais transeúntes, xa que rexistra a maior taxa de accidentalidade respecto dos outros medios de transporte, así como a maior gravidade.

A Universidade de Vigo irá desenvolvendo, nunha serie de accións, as liñas estratéxicas propostas encamiñadas no cumprimento dos catro eixos principais do PMSV:

- Fomento da mobilidade non motorizada e uso do transporte público.
- Xestión interna en materia de mobilidade.
- Uso racional do vehículo privado, diminución dos desprazamentos.
- Redución da accidentalidade nos desprazamentos.

